



CONCELLO DE ARANGA

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves 25 de outubro de 2018

Hora: 13:00

Lugar: sala de sesións da casa do concello

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Decretos, bandos e resolucións da alcaldía.



CONCELLO DE ARANGA

- 3.- Dación en conta de informes remitidos á Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas entidades locais.
- 4.- Ratificación do decreto de proposta de días festivos de carácter local para o ano 2019.
- 5.- Nomeamento de representante do concello no Consello Escolar.
- 6.- Aprobación definitiva do organigrama e Relación de Postos de Traballo do concello de Aranga.
- 7.- Resolución da reclamación de dous traballadores municipais.
8. Rogos e preguntas

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Aranga, luns 22 de outubro de 2018

O alcalde, Alberto Platas Álvarez